



“BASES PARA A SELECCIÓN DOS ALUMNOS-TRABALLADORES PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO “A LARACHA IX – ESPECIALIDADE: TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE (MAMD0209).

1.ª.-OBJECTO.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigo 10º e 11º da Orde do 7 de febreiro de 2024 polo que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia., a determinación do procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección dos alumnos-traballadores participantes no citado proxecto, promovido polo concello de A LARACHA e subvencionado pola antedita Consellería.

Constitúe o obxecto a aprobación das bases dos alumnos-traballadores participantes no obradoiro de emprego “A LARACHA IX”: 10 prazas para a especialidade de TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE (MAMD0209)

2.ª.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

En todo caso, a selección irá precedida da tramitación de oferta de emprego pola correspondente oficina de emprego. A oferta deberá observar, como requisitos mínimos que deben cumprir as persoas candidatas preseleccionadas, os seguintes:

- Ter dezaoto ou máis anos de idade.
- Estar desempregadas, entendéndose nesta situación as persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, dende a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 da orde.
- Como a formación que se vai impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificado de profesionalidade de nivel de cualificación 1, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados.
- No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade noutro obradoiro de emprego, non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado profesional ou noutro da mesma familia, excepto que o certificado que vaia cursar sexa de nivel superior, con independencia de que rematase o obradoiro anterior con resultado de apto ou non.





– Terán prioridade en todo caso os candidatos que non participaran nun obradoiro dual de emprego ou nun programa de emprego de garantía xuvenil nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores.

Ademais para poder participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes haberán de reunir os seguintes requisitos mínimos:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP.
- b) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.
- c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias, e manterse durante todo o proceso selectivo.

Serán causas de exclusión:

1. Incumprir os requisitos mínimos.
2. A expulsión doutro programa de formación en alternancia co emprego.
3. Posuír algún certificado de profesionalidade dos que se van impartir no Obradoiro de Emprego.
4. No caso de que a persoa candidata participase con anterioridade en outro obradoiro de emprego non poderá optar á selección para recibir formación no mesmo certificado de profesionalidade, con independencia de que finalizase o obradoiro anterior con resultado de apto o non.
5. Os aspirantes propostos terán que pasar un recoñecemento médico antes da súa contratación no que se determinará a súa aptitude para o traballo a desempeñar. Serán excluídos aqueles aspirantes que non obteñan a condición de aptos.

O alumnado que se seleccione deberá manter o cumprimento dos requisitos de selección na data da súa incorporación ao proxecto.

3º.- DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO.-

Desde o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, os alumnos- traballadores seleccionados serán contratados pola entidade promotora na modalidade de contrato para a formación en alternancia.

Os contratos de traballo serán a xornada completa e non poderá exceder a data de remate do obradoiro de emprego (O proxecto terá unha duración de 9 meses).





As retribucións que se aboaran os alumnos-traballadores será a contía equivalente ó Salario Mínimo Interprofesional vixente coa parte proporcional das pagas extraordinarias.

A xornada laboral será a tempo completo (40 horas/semanais) poderá ser a xornada partida ou continua; en todo caso o horario será o establecido polo responsable de persoal, coa autorización do alcalde – presidente.

De acordo ao artigo 14 do Estatuto dos Traballadores (Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo) establece un período de proba de dous meses.

4.ª.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

O sistema de admisión será mediante a presentación da correspondente oferta de emprego (tipo T) que será tramitada ante a o Servizo Público de Emprego de Galicia (Oficina de Emprego de Carballo), ó amparo do previsto no Artigo 11 da citada orde.

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego realizará a comunicación das persoas preseleccionadas mediante citacións, na que, previamente acordado entre ela e o Concello se fixará o lugar, data e hora de realización da proba de selección.

- a) **ÁMBITO XEOGRÁFICO:** O ámbito será o termo municipal, e de non atoparse candidatos suficientes, ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos.
- b) **REQUISITOS ALUMNOS:** Os requisitos establecidos na base segunda.

Unha vez recibida a citación da oficina de emprego, os aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles para presentar as solicitudes para tomar parte no proceso dirixidas ao Sr. Alcalde deste Concello, e presentaranse na sede electrónica do Concello <https://sede.alaracha.gal> ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes para tomar parte nas probas selectivas presentarse conforme ó modelo que figura no anexo I. As instancias, xunto coa documentación precisa tamén poderán remitirse na forma prevista no artigo 16 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común, así como a través da Sede electrónica do Concello da Laracha (sede.alaracha.es).

Na solicitude realizarase unha declaración responsable de que son certos os datos obrantes nela e, de ser necesario, se compromete a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Xunto coa dita solicitude os aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- ❖ Fotocopia do DNI
- ❖ Vida Laboral actualizada (aínda que non teña experiencia laboral)
- ❖ Acreditación da formación académica adquirida.
- ❖ Se é o caso, acreditación das Competencias Clave adquiridas





- ❖ Se é o caso, acreditación do seu grao e tipo de discapacidade
- ❖ Se é o caso acreditación de ser vítima de violencia de xénero
- ❖ Acreditación de ter un Itinerario Personalizado de Inserción
- ❖ Se é o caso, acreditación de ser emigrante retornado
- ❖ Se é o caso, acreditación de ser parado de longa duración

A non presentación da referida documentación no prazo establecido, non será obxecto de baremación.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán).

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

5.^a.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Finalizado o prazo de presentación de instancias, o alcalde, mediante resolución, aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, así como a composición do tribunal; Publicarase no taboleiro de edictos e na páxina web do concello (<https://www.alaracha.gal/>), relacionándose os aspirantes excluídos con indicación da causa da súa exclusión.

Os aspirantes disporán dun prazo de TRES (3) días hábiles para a subsanación, no seu caso, das deficiencias que se sinalen. Estas subsanacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, así como o lugar, a data e a hora de realización do primeiro exercicio, que se publicará no taboleiro de edictos e na páxina web do concello (<https://www.alaracha.gal/>). Contra a resolución na que se declare a lista definitiva de admitidos e excluídos, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, ou directamente recurso de contencioso-administrativo ante a xurisdición contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses. Os prazos cóntanse a partir do día seguinte ó da publicación no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, o alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional, no caso de non presentarse reclamacións, ou resolverá as reclamacións e declarará aprobada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará na páxina web municipal: <https://www.alaracha.gal/> .

O resto das resolucións serán expostas na páxina web do Concello (<https://www.alaracha.gal/>). Os prazos computan dende a publicación na páxina web.

6.^a.-TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O tribunal cualificador designado pola alcaldía (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local), en base ó establecido pola Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, estará integrado polos seguintes membros:





- Presidenta/e (titular e suplente): Unha/un funcionaria/o de carreira, ou persoal laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Vogais (titulares e suplentes): Tres funcionarias/os de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Secretaria/o: unha/un funcionaria/o de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de réxime xurídico das Administracións Públicas. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

A Tribunal queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

Para os efectos de percepción de asistencias, a Tribunal terá a categoría segunda (2.^a) das sinaladas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

7.^a-CONTIDO, DESENVOLVEMENTO E CUALIFICACIÓN DO CONCURSO DE MÉRITOS E OPOSICION.

A resolución da Alcaldía aprobando a listaxe definitiva de persoas admitidas e a composición da Tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal fixará tamén a data e máis a hora na que deberá constituírse así como o día, lugar e a hora para a realización da valoración dos méritos e proba tipo test.

a) FASE DE CONCURSO (ata 3,90 puntos)

A fase de concurso, consistirá na valoración dos méritos alegados dentro do prazo de presentación de instancias e debidamente acreditados polas persoas aspirantes, consonte ao seguinte:

BAREMO

CRITERIOS	PUNTOS
Muller	0,20
Discapacidade \geq 33% (Sempre que poidan realizar os traballos, deberá acreditar dita compatibilidade mediante certificado médico)	0,20





Muller vítima de violencia de xénero (acreditación da situación de violencia de xénero, aos efectos do artigo 23 da L.O. 1/2004).		0,20
Persoas emigrante retornada (acreditado mediante certificado de emigrante retornado dos anos dende que retornou a España dende un país que non sexa de la Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, Suiza ou Australia.)		0,20
Idade	De 19 a 30 anos	0,20
	De 31 a 45 anos	0,30
	Maiores de 45	0,40
Experiencia laboral (Segundo vida laboral actualizada)	Ningunha	0,25
	Ata 12 meses	0,20
	> 12 meses	0,10
Nivel de Formación Académica	sen estudos ou estudos básicos	0,40
	Media (que posúan un carne profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2, 3, FP ciclo medio ou Bacharelato)	0,15
	Alta (que posúan título universitario ou de FP de ciclo superior)	0,10
Non ter participado noutra obradoiro		0,50
Persoa parada de longa duración		0,20
Persoa que esgotou prestación ou subsidio por desemprego	Mediante documento que acredite que a persoa está inscrita ininterrompidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou máis meses.	0,10
IPI	ter no seu itinerario algún servizo dos seguinte: 320 ET, 330 CO, 340 OE, 370 outros programas de emprego formación dual	0,20

b) FASE DE OPOSICIÓN (PROBA ESCRITA) (ata 20 puntos)

Constará do desenvolvemento de preguntas curtas sobre:

* O obradoiro de emprego A LARACHA IX

* A Orde do 07 de febreiro de 2024 polo que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

Duración: 20 minutos.

8.ª.-CRITERIOS DE DESEMPATE.

De producirse un empate na puntuación final darase prioridade se realizará por orden de prelación:





- a. Non ter participado noutro obradoiro
- b. O maior tempo acreditado como desempregado
- c. A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- d. A puntuación obtida no apartado de experiencia laboral.
- e. A puntuación correspondente á formación académica.
- f. O de maior idade

No suposto de que a lista de reserva se esgotara ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa incorporación ao proxecto formativo, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo, que comezará coa oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia.

9.ª.- RECOÑECIMIENTO MÉDICO

Os aspirantes con maior puntuación deberán pasar un recoñecemento médico para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. A entidade local será responsable de que só se incorporen as persoas que superen o recoñecemento médico. Serán excluídos do proceso aquelas persoas que non obteñan a condición de aptos no dito recoñecemento.

10.ª.-RESULTADOS DA SELECCIÓN.

O Tribunal publicará na páxina web municipal, no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas e elevará á Alcaldía proposta da relación de persoas presentadas por orde de puntuación para a posterior contratación, así mesmo, integrar a bolsa de traballo para os efectos de ser nomeados substitutos cando proceda para cubrir a renuncia ou situacións de incapacidade temporal, maternidade ou paternidade do/a titular.

11.ª.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

A persoa aspirante proposta presentará, no prazo de tres (3) días hábiles, contados dende que se faga público o resultado da selección, os documentos acreditativos de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2.ª desta convocatoria:

1. Aceptación expresa do posto
2. Copia compulsada da documentación xustificativa
3. Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
4. Fotocopia da cartilla da S.S.
5. N° de conta bancaria cos 20 díxitos.





Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

6. Modelo 145 AEAT cuberto e asinado.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentase a documentación ou non acreditase reunir os requisitos esixidos, non poderá ser contratada e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.

12.^a.-NOMEAMENTO.

Unha vez presentada a documentación, a Alcaldía decretara a contratación como persoal laboral da persoa aspirante proposta pola Tribunal de Valoración, sendo nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

13.^a.-INCIDENCIAS E RÉXIME DE RECURSOS.

En todo o non previsto nas presentes bases o tribunal quedará facultado para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se poidan presentar, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo, que se poderá interpor no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, o a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; e o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.





ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA

D/D ^a	
DNI/NIE	
Domicilio	
CP	
Localidade	
Teléfono	
Correo electrónico	

EXPOÑO:

1. Que fun citado pola Oficina de Emprego de Carballo para participar na selección de: 10 alumnos traballadores da especialidade **TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE (MAMD0209)**, dentro do OBRADOIRO DE EMPREGO A LARACHA IX” e desexo participar en dita selección.
2. Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases de selección, que coñezo e acepto, e DECLARO RESPONSABLEMENTE que son certos os datos que figuran nesta instancia, e comprométo a xustificalos documentalmente cando sexa requirido para iso.
3. Que acepto facer o recoñecemento médico propostado polo Concello para acreditar que son apto para o desempeño do traballo da especialidade (dito coste será a cargo do Concello)

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido no proceso de selección para o que fun citado polo Servizo Público de Emprego de Galicia, achegando para estes efectos a seguinte documentación (marcar o que corresponda):

- Fotocopia do DNI
- Vida laboral actualizada
- Titulación académica _____
- Acreditación competencias clave _____
- Acreditación grao e tipo de discapacidade
- Acreditación muller vítima de violencia de xénero
- Acreditación ter IPI
- Acreditación emigrante retornado

A Laracha, ____ de _____ de 2024.

(sinatura)

Asdo. (nome e apelidos)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE A LARACHA”





Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

Segundo.- Publicar a presente resolución, no taboleiro de edictos e na web do concello (<https://www.alaracha.gal/>).

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde en funcións, José Ramón Martínez Barbeito.

